

PROGRAMA DE AXUDAS

Convocatoria

Covócase o programa de axudas para a asistencia ao congreso dirixido ás/aos participantes. Aínda sendo unha convocatoria aberta, o obxectivo principal é apoiar e fomentar a investigación no campo dos estudos teatrais daqueles colectivos cunha restricción económica máis acusada, especialmente no caso do estudantado e a mocidade investigadora.

1. NATUREZA E CONTÍA DAS BOLSAS

O orzamento máximo previsto para as bolsas é de 5000€, sendo o importe máximo de 600€ por axuda concedida. O pagamento da bolsa efectuarase con posterioridade ao congreso, tras a recepción dos xustificantes de gastos relativos á matrícula, viaxe, hospedaxe ou manutención.

As bolsas serán outorgadas en concorrencia competitiva e están destinadas a cubrir, cando menos, parte da viaxe das/os participantes no congreso que acrediten encontrarse nunha situación preferente para seren beneficiarias/os da dita axuda.

Por outra parte, en función dos recursos dispoñíbeis, tamén se concederá un mínimo de 5 axudas para cubrir os gastos de matrícula, especialmente no caso do estudantado.

2. REQUISITOS

As bolsas están especialmente dirixidas ao estudantado (de grao ou posgrao) e ás persoas desempregadas, polo que arredor dun 70% do presuposto procurará destinarse a este perfil. O terzo restante, se así se estima oportuno, poderá ser concedido a calquera outra/o participante, sexa cal for a súa condición económico-profesional. En calquera caso, tomarase en consideración a rexión de procedencia, así como outras cuestións como o potencial ou relevancia da súa contribución para o avance da investigación e difusión dos estudos teatrais. Véxase o punto 3 desta convocatoria.

3. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Estabelécense catro criterios principais cunha puntuación específica que servirán para orientar a valoración das solicitudes e para axudar a escoller as máis idóneas:

1. Situación económico-profesional (máx. 3 puntos):

- Estudantado de grao (3)
- Estudantado de posgrao ou doutoramento (2)
- Persoas desempregadas (1)
- Persoas traballadoras en activo (0)

2. Rexión de procedencia (máx. 4 puntos):

- Resto do mundo (4)
- Europa (3)
- Portugal (2)

I CONGRESO INTENACIONAL DO TEATRO GALEGO

Academia Galega de Teatro
Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º
15003 A Coruña, Spain.

Mail: academiagalagedeteatro@gmail.com



- España (1)
 - Comunidade de Galicia (0)
3. Potencial da participación para os estudos teatrais (máx. 3 puntos):
- Perspectiva ou enfoque innovador (1)
 - Resultados relevantes na área de coñecemento (1)
 - Traxectoria investigadora da/o participante (1)

4. PRAZOS DE SOLICITUDE E DE NOTIFICACIÓN

A solicitude de axuda deberá facerse efectiva, como moi tarde, o 2 de decembro de 2019. A notificación da concesión da axuda farase pública unha semana despois, o 9 de decembro de 2019.

5. PROCESO DE SOLICITUDE

As persoas interesadas en pedir unha axuda deben cubrir o formulario de solicitude e envialo por correo electrónico á secretaría do congreso (secretaria@congresodoteatro.gal) como moi tarde o 2 de decembro. Non se aceptarán as solicitudes que cheguen despois desta data.

O estudantado (grao ou posgrao) e as persoas desempregadas deberán acreditar a súa situación mediante o envío, ao mesmo correo, dalgunha **proba documental** (matrícula de estudos, tarxeta de desemprego). Para alén disto, o estudantado (grao ou posgrao) deberá axuntar tamén unha **carta de referencia** asinada por algún docente ou investigador que avale a idoneidade da súa candidatura.

O formulario de solicitude (documento pdf) está accesíbel premendo [aquí](#).

I CONGRESO INTENACIONAL DO TEATRO GALEGO

Academia Galega de Teatro
Rúa Álvaro Cebreiro, 15 – 1º
15003 A Coruña, Spain.

Mail: academiagalegadeteatro@gmail.com